

Que tal estamos hoxe? Teño moitas ganas de ler os vosos poemas! Que tal vos quedaron?


Esta semana vamos a traballar sobre a Reconquista, seguro que xa sabedes que se celebra anualmente o día 28 de marzo e que se fai unha festa de época no Casco vello de Vigo con moitos postos de comida e artesanía, música e baile por todas partes.

Fuches algunha vez á Reconquista? Gustouche? Cántamo na túa libreta.

Por se non fuches nunca, ou non coñeces moi ben cal é a historia, déixovos este conto, que temos na biblioteca de aula, onde os Bolechas nolo contan superben! Para finalizar, convidote a contestar as preguntas finais intentando non buscar no libro!

<https://drive.google.com/file/d/18FMf18XUISp-mwSLe43ltycvlGbTDQUQ/view?usp=sharing>

Aí vos deixo o enlace ao libro.



1. En que ano tivo lugar a Reconquista? Que dous bandos se enfrontaron nela?

2. Que antepasado dos Bolechas presenciou a invasión dos franceses? A que se dedicaba?

3. Por que golpeou a avoa Carme a dous soldados franceses?

4. Como quixo axudar a avoa Carme aos vigueses na loita contra o exército francés? Que fixo no seu lugar?

5. De quen se namorou a avoa Carme?

6. Que día se renderon os franceses? Que exército axudou ao pobo vigués a derrotar aos franceses?

7. Que sobrenome ou alcume lles puxeron a avoa Carmen e ao seu mozo francés?

Outra das actividades que vos propoño hoxe ten que ver con outro día importante, xa que, o día 27, foi o día do Teatro. Envíovos unha serie de propostas para xogar na casa en familia, seguro que resulta moi divertido!

O ESPELLO

Séntanse dous xogadores enfrontados. Un será o emisor da acción e outro deberá imitalo da maneira máis fiel posible. Pódese xogar de varias formas:

1. Só traballando coa cara, facendo muecas.
2. Traballando cos brazos.
3. Traballando coa cara e os brazos.

Tamén se poden inserir sons, palabras ou frases. O imitador deberá dicilos co mesmo ton intentando parecerse o máis posible.

ESAXERADA SOBREACTUACIÓN

Neste xogo un dirá unha consigna que o resto deberán intentar facer. Por exemplo: ser devorado por un dinosauro, risa de malvado, derretido por lava quente, desmaio, disparo dunha película de vaqueiros, persecución dun mosquito, estar no espazo... Deberán facerse de maneira moi esaxerada aínda que o coordinador que diga a consigna tamén poderá decidir o nivel de esaxeración.

ANÍMICO

Debemos comezar camiñando normalmente. Despois alguén dirá “ camiñamos como si estiveramos...” doloridos, asustados, durmidos, con presa... Entre unha e outra consigna debemos volver a camiñar con normalidade para poder procurar o movemento dende un lugar neutro.

Tamén podemos pedir camiñar coma un animal: unha ra, un elefante, unha serpe...

ESTATUAS

Poñemos música e cando para debemos adoptar a postura dunha estatua. Poden darse consignas como: cando pare a música temos que estar nun só pe, con dúas mans e unha perna, agachados, á pata coxa...

Por último convídote a xogar co coronavirus nun xogo que combina a expresión oral e o exercicio físico!

<https://view.genial.ly/5e720df40ee9570f5b714b86>